

Xoves, 20 de xullo de 2023

Núm. 140

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROSAL, O

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO CONCELLO DO ROSAL DO 29 DE XUÑO DE 2023 SOBRE O NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Expediente 1102/2023

Documento Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese á publicación da resolución da Alcaldía deste Concello do Rosal, de data 29 de xuño de 2023, sobre o nomeamento de tenentes de Alcaldía:

"RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Tendo en conta a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e a constitución da Corporación do Rosal desde o o día 17 de xuño de 2023.

De conformidade co disposto nos artigos. 20.1 a), 21.2 e art. 23.3 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 62 e 63 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e o art. 46.1 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Réxime Xurídico e Funcionamento, é atribución do Alcalde o libre nomeamento e cesamento dos Tenentes de Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno.

Previo cumprimento do establecido na citada lexislación, teño a ben RESOLVER o que segue:

Primeiro.- Designar TENENTES DE ALCALDE do Concello do Rosal aos seguintes concelleiros membros da Xunta de Goberno Local, na orde que se determina de seguido:

1º Tenente de Alcalde: D. Germán Fernández Rodríguez.

2º Tenente de Alcalde: D^a Beatriz Rodríguez Alfonso

Os Tenentes de Alcalde citados substituirán, unha vez aceptado o cargo, pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, sen prexuízo de efectuar en cada caso a correspondente delegación.

Segundo.- Notificar persoalmente aos designados, entendéndose tacitamente aceptado o cargo agás manifestación expresa nos tres días hábiles seguintes, e publicar os mencionados nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, segundo o establecido no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico



Xoves, 20 de xullo de 2023

Núm. 140

das Entidades Locais, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno municipal da presente resolución en consonancia co previsto no artigo 38 do ROF.“

Asinado no Rosal a 11 de xullo de 2023,

A Alcaldesa.

